

A PRESENTACIÓN:

Aparece a presentadora, tarde, cun traxe divertido, de festa. Chega para comprobar que o público está preparado, disposto a escoitar, a ter os ollos postos no escenario e a imaxinación ao servizo da música. Só fai falta despertar os sentidos, dar as pautas do xogo. A presentadora está para pintar coas cores do público o desfile dos animais, para engalantar con aplausos o sabor das melodías.

PRESENTADORA

Chega tarde, a medio vestir, ás presas, despeluxada.

Moi bonito, moi bonito, si señores, moi bonito. Ou sexa, que xa empezastes. Moi ben. Ou sexa, que eu alá, fóra, colocando cada animal no seu sitio, cada besta na súa gaiola e vós, nada, ao voso, empezando sen min. Pois a ver que imos facer agora, eh?, porque eu son a presentadora, e teño que presentar, e preséntase ao comezo do espectáculo, non ao final. Que é iso de empezar sen presentar?. Pois sabedes que vos digo?, que eu vou presentar igual.

A presentadora recomponse.

Bon día, querido público, querida pública, queridos públicos, queridas públicas, insisto: BON DÍA!. Cheguei por fin!. Insisto: CHEGUEI POR FIN!. Son a presentadora, veño a presentar, así que, para comezar, empezarei por min:

Eu son Eu, pero podedes chamarme Ti, que hai confianza

E sigo presentando, que para iso estou aquí.

Público, estes son os músicos. Músicos, este é o público. Podedes saudarvos.

E unha vez feitas as presentacións da xente, vou presentar o espectáculo. O espectáculo é: O ANTROIDO DOS ANIMAIS, de Camille Saint-Säens. Un aplauso para el, que ben o merece despois de reunir a tantos, tan diferentes e ten diversos animais nun impresionante desfile de antroido, nunha antroidada, vaia.

Feitas as presentacións da xente e do espectáculo, vouvos presentar os animais. Por aquí desfilarán:

LEÓNS (un aplauso para eles)
GALIÑAS (aplauo)
CEBRAS (aplauo)
TARTARUGAS (aplauo)
ELEFANTES (aplauo)
CANGUROS (aplauo)
PEIXES (aplauo)

BURROS (aplauso)
UN CUCO E UN CAZADOR DESPISTADO
UNHA CHEA DE PAXAROS
UNS PIANISTAS APRENDICES
UN PAR DE CISNES
...e unha criatura arrepiante, horripilante, UN
ESQUELETE DANZANTE, cheo de ósos e sen nada
de carne.

. Deles coidan catro persoas: KUKAS, ISABEL, GENA E NOÉ (a este pillámolo pola súa experiencia con animais).

Pero tranquilo público, tranquila, pública, tranquilos todos e tranquilas todas!. Estes animais non son perigosos. Estes animais están mansiños, porque todo o mundo sabe que a música amansa as feras. A música vai entrando polas orellas e desperta a imaxinación. Dinlle: DESPERTA, IMAXINACIÓN!, ESPABILA, FANTASÍA!. Así, a berros, por se aínda está durmida. Porque a imaxinación é fundamental para un público de verdade, un público simpático, ben preparado para vir ao teatro, ao auditorio. Hai imaxinación nas vosas cabezas, persoas do público?. Comprobade por favor que trouxestes as cabezas. Mirade agora se hai unha orella a cada lado. Eu sei que as limpades cada mañá, pero, por se acaso, imos limpalas agora de novo para que cando entre a música por elas non se pringue. Estupendo. E imos pegarlle un susto á imaxinación para que espabile. Preparade as palmas, imos dicirlle primeiro que desperte: DESPERTA!, e logo que espabile: ESPABILA!. Así, que vaia ben avisada.

E que sen imaxinación non se ve nin escoita nada. Sen imaxinación non poderedes recibir como se merecen aos nosos elegantes animais, despois da viaxe tan longa que fixeron. Alí están, agochados, esperando para saír e ofrecervos a súa actuación.

Os animais deste antroido non chegaron aquí en avión, nin en tren, nin en barco, nin en autobús, nin en coche. Noooooon. Viñeron en:

- UN PAR DE VIOLÍNS. Con Gregori e Nikolai. Que tipo de animais viaxaría neles?.
- UNHA VIOLA, con Tilman.
- A PERCUSIÓN ENTEIRA, con Vicente.
- UN CHELO, con Plamen.
- UN CONTRABAIXO, con Carlos.
- UN CLARINETE, con Vicente
- UNHA FRAUTA, con Laurent.
- UN PAR DE PIANOS, con Simone e Enmanuelle

Señoras e señores, nenas, nenos, profesores, profesoras e demais familiaaaa, voulles presentar agora, neste momento... A MÚSICA!.

Pero, que é a música?,
onde vive?,
cantas patas ten?,
de que cor está pintada?,
é perigosa?,
como podemos recoñecela se nos cruzamos con ela pola rúa?.
E, sobre todo, que ten que ver a música cos animais?.
Imos ver qué opinan os nosos especialistas.

A PRESENTADORA failles as preguntas aos músicos e a algúns membros do público.

Agora si, Eu considero que o meu traballo está feito. Presentar, presenteí. Presenteime eu, presenteivos a vós, presenteinos a eles, presentámonos todos e presenteí as tres cousas-cousiñas que son a clave, a chave, o asunto, o tema, vaia, o que tedes que ter nas cabezas:

- 1.- A MÚSICA
- 2.- OS ANIMAIS
- 3.- A IMAXINACIÓN

E, por último, só nos resta chamar polo silencio. É moi fácil, con que letra comeza o silencio?, con “s”, pois chamamos por el pronunciando o “s” ata que non nos quede aire no corpo.

Xa, sen máis, con todos vostedes...O ANTROIDO DOS ANIMAIS, de Camille Saint-Saëns.